

VIERNES, 11 de abril de 2008

GROUCHOS | LUCES

O escritor que foi cazar leóns a Escocia

MANUEL RIVAS | 11 ABR 2008

Archivado en: [Opinión](#) [Galicia](#) [España](#)

Foi o cineasta Alfred Hitchcock quen inventou o termo MacGuffin (ou McGuffin). Que é un MacGuffin? Vén ser un detalle ou elemento introducido na trama e que ten en aparencia unha importancia decisiva, mais que á hora da verdade non a ten. É dicir, o moderno MacGuffin equivale máis a un truco ou a unhas dirindainas que ao tradicional "factor máximo" que, este si, modificaba o rumbo da historia, a sorte dos protagonistas, en tantos contos da vella narrativa.

O propio Hitchcock puña como exemplos típicos de MacGuffin os "documentos" nas historias de espías ou o "colar" roubado cando andaba polo medio un mullereiro pillabán. Con todo, a mellor explicación do que é o MacGuffin deuna o director británico cun conto irónico (home non!). Entra un home nun apartamento de tren cun paquete de forma e envoltorio moi estraños e colócao no portavultos. Outro dos viaxeiros atrévese a preguntar se pode saberse que hai no paquete. "É un MacGuffin!", responde o portador. "Que é un MacGuffin?", inquire o outro. A resposta é a seguinte: "Trátase dun aparello para cazar leóns nas montañas Adirondaks". Estes montes están nas Terras Altas de Escocia. Ao viaxeiro curioso non lle queda outra que subliñar o absurdo: "Mais alí non hai leóns!". E entón o home do paquete pon o loureiro á conversa: "Pois daquela non é un MacGuffin".

Non é o fondo histórico o que leveda unha boa novela, mais tampouco o que a leva á fatalidade

Algo así debeulle pasar a Xosé Carlos Caneiro o outro día. Que saíu a poñer no seu sitio os rótulos dos establecementos comerciais galegos e acabou indo co MacGuffin para cazar leóns nos montes de Escocia. Eu podía calar a boca e quedar ben con el. Mais a min paréceme que iso é cinismo e, como moi ben dixo Kapuscinski, os cínicos non serven para este oficio. Eles, os cínicos, coidan que si, que son un portento na profesión. E o problema que teñen é que

confunden escepticismo con cinismo. O cínico é aquel que coida que tanto ten escribir unha cousa como a contraria, mais que sempre escribe a mesma, no mesmo sentido: o da comenencia, o da obediencia. Non falamos, por suposto, do cinismo clásico, o dos gregos altermundistas, o do sabio ácrata Dióxenes que durmía dentro dun tonel. Cando Alexandro o Magno se achegou onda el para que pedira o que fose, que lle sería outorgado, o vello filósofo respondeu aquilo de: "Aparta de aí, Aleghandro, que me tapas o sol". Mais o cinismo contemporáneo éche menos desprendido. O caso é que pensei: "Home, por que has calar?. Aquí sempre todos caladiños, como no cinema mudo. Dille a Caneiro que non hai leóns nos montes de Escocia. El vai aló, confiado, co seu MacGuffin, coa súa ilusión, e xa verás, vai chegar aló e vaise levar un chasco. Non hai leóns".

O MacGuffin de Caneiro titúlase Unha proposta para o galego (La Voz de Galicia, 5.4.09). A percha, o arrinque, o motivo, é esa polémica que provocaron unhas declaracións dun deputado nacionalista verbo de novos proxectos normativos para apoiar o uso do galego cara o público no sector do comercio. O deputado Lobeira exhibe ás veces un estilo un pouco prusiano, así que non lle viría mal ler as cartas de Voltaire ao príncipe herdeiro Federico-Guillermo (de Prusia). Por exemplo, cando di: "A dúbida non é un estado agradábel, mais a absoluta certeza é un estado ridículo". Sen embargo, unha cousa é que o deputado Lobeira non estivera atinado na formulación dunha proposta, e outra ridiculizar a promoción do idioma, a súa

visibilidade, nun eido fundamental, o do comercio, por medio de axudas prácticas. Coido que hai unha fixación cos rótulos e unha confusión, por veces desatinada, co que significa facer visíbel o galego no comercio. O franquismo impuxo despois da guerra a castelanización dos nomes dos establecementos, con especial teima nos ingleses. Así, o hotel Atlantic da Coruña, que pertencera a Casares Quiroga, pasou a ser hotel Atlántico. Unha carallada. Supoño que ninguén estará pensando niso. Que máis lle ten ao galego que unha tenda de roupa feminina se chame Lady ou Madame? Iso mellora a paisaxe urbana.

Para darlle máis vida, para facer máis visíbel o galego no comercio o importante é todo o demais. A especialidade, a publicidade, os elementos do escaparate, a comprensión do comercio como un negocio mais tamén como un servizo, a formación dos empregados... Por exemplo, considero un signo de atraso escandaloso que nunha maioría de restaurantes ou casas de comidas de Galicia sexa moi difícil atopar un menú en galego. É unha desgraza incomprensíbel, mais é así. En moitos locais hai, iso si, un bilingüismo castelán-inglés. Semella que os falantes galegos non comen nin pagan. O que pasa é que son moi educados e se hai pulpo cómese e se hai octopus tamén.

Claro que é moi importante a presenza do galego no comercio. Decisiva. Para o galego. E para o comercio. Caneiro, se cadra por que xa pensando en ir cazar leóns a Escocia, pois tamén se pon un pouco prusiano, pero ao revés. Afirmo que as subvencións nese sentido son inútiles. E aínda máis. Obedecen a unha mestura de "inxenuidade" e "perversión". Unha inxenua perversión? Iso dá votos, Lobeira! Inxenuo e perverso. Aquí o deputado xa empeza a parecer Carlos Gardel. Caneiro solta axiña o paradoxo, o oxímoron, os rótulos, todo. E que el a onde quere chegar canto antes, xa o dixen, é a Escocia. A cazar leóns.

E velaí que no medio do artigo aparece, á fin, o MacGuffin do galego: "Sempre me pregunto por que en lingua española teñen os rapaces como referente ao Quijote e aquí temos como fundamentos a Guerra Civil e o correccionismo político máis obtuso e ordinario, con discurso moral incluído". Home, xa era hora. Xa sabemos de que pé coxea o galego. O galego coxea pola Guerra Civil, quero dicir, por ler libros da Guerra Civil. Polo que di Caneiro, miles e miles de galegos e galegas fan como rodas polas rodeiras até que bateron co referente da Guerra Civil e "un discurso moral" que os desmoralizou. Se é así, non me estraña que Caneiro estea escandalizado. Tamén eu, mi madriña! E logo os rapaces están en institutos ou téñenos en cuarteis recluídos como monxes tibetanos, chupando "o correccionismo político máis obtuso e ordinario"? Mais vexo pasar un grupo de rapaces falando castelán e pregúntolles se a culpa é das novelas "sobre" a Guerra Civil. "A culpa de que?", respóndenme agora en galego. "De nada", digo. E vai un e explica: "Á Guerra Civil nunca chegamos; sempre ficamos no século XIX". A min iso si que me pareceu unha metáfora metafórica. En canto a referentes, aquí, os rapaces tamén len o Don Quixote. E en galego leron A esmorga e o Merlín e familia. Mais tamén podían ter lido algunha boa novela, e hai unhas cantas, que transcorren no tempo histórico desa guerra, posguerra e ditadura atroces que ocuparon gran parte do noso século XX e da vida de tres xeracións. Non é o fondo histórico o que leveda unha boa unha novela, mais tampouco o que a leva á fatalidade. O que fai Caneiro é meter todo no saco. E contribúe a espallar, de xeito acrítico, un estigma reaccionario. Que non se estrañe de que alguén lle diga que o que leva ao lombo é un MacGuffin e que vai perder o tempo cazando leóns nas montañas de Escocia.